

## **Letanía dos mortos na rúa (2012)**

*(Cerimonia de 2012, para aqueles que están e non están)*

Eu teño, meus, cinco cousas a dicir,  
Como os cinco dedos da mano que agora tendo  
A cada un de vós:  
De pedra son os ollos que te miran,  
De pedra as lousas onde dormes  
De pedra a tristura da insubmisión e a diferenza  
De pedra tamén a liberdade conquistada  
De pedra o reflexo da lúa que devolve soidade e frío

### **Fabiënne, alcumado Cali o Kalimero, 47 anos, morto nun accidente estúpido**

Non aceptes o fácil consolo ou a triste despedida dos ausentes  
En cada obxecto, en cada ser, en cada circunstancia  
Hai un xerro sobordante de delicias  
Eles o saben e han regresar a render o tributo dos amados

### **Xavier, apodado James, 51 anos, corazón enorme, quizáis namorado**

Nove buratos ten a fruta traveseira  
Como os nove orificios do teu corpo  
A linguaxe que falabas era música  
Xurdindo brillante do centro do teu mundo

### **Fátima, 50 anos, marroquina**

A memoria doutras xeografías, o inicio do retorno  
Que te levou a asasinar compases e estacións?, preguntaban  
Se soubese a resposta, dicías, hai tempo estaría na casa,  
esperando o amencer para comezar o día cantando

### **Jean, 48 anos, amante de David Bowie**

Non sei de onde son e non sei o porqué desta vida, dicías  
Se o soubera, diría tal vez que son doutro mundo distinto,  
Son grego, miúdo e de cabelos tristes



Amo a música e din que soño sempre co retorno.

**Kazimierz, alcumado Kokosi Ceb, 46 anos**

Chorando na noite na escuridade do labirinto, sempre amábel  
Erguendo cada mañá con milleiros de preguntas sen resposta  
Ollas ao ceo e declaras, sen violencia, con mesura, sen ambaxes:  
Perdín un amigo, perdín a esperanza, perdino todo

**Michèle, 66 anos, muller casada**

Din que non hai futuro para nós,  
De certo que non andan moi errados  
Mais non queremos futuro, senón presente  
Liberdade para respirar e para gozar, para soñar e para ser

**Jonathan, 26 anos, amante do café e da conversa fértil**

Corrías na procura, mais non había fio para saír do labirinto  
No outro lado da nada detívose o teu canto:  
Abre unha fiestra non centro do teu peito  
deixa que o vento entre e saia sen fronteiras.

**Dumitru, 45 anos, rumano mendicante**

Pecha os ollos un instante, vas logo ver polo terceiro ollo,  
o da iluminación, o do sosego, quizais o do tránsito  
E ben que pechaches os ollos, mais esqueciches abrilos  
E agora es vento fértil, que inunda de sementes a distancia

**Ágata, 47 anos, muller polonesa**

Agora lembro a historia que me contaran:  
Do instante lúcido no que comezaches a cantar  
Unha melodía de alegres despedidas:  
A lúa chea dentro do tu corpo, a túa única morada

**Farah, 28 anos, muller nova e loitadora**

A sensación de estar en varios lugares a un tempo  
De sentir a doce confusión, a suave cacofonía de linguas e costumes

nesa rexión de espantos onde te levaron as correntes dos ríos,  
que desembocan sempre no océano inmenso do silencio.

**Marcin, , 28 anos, tímido e delgado, de cabelos curtos**

Os teus amigos eran para ti como auga na corrente  
Como a flor do loto na quietude do estanque  
Non teñas medo agora non río dos adeuses, Caronte te consola:  
Todo o que perdiches ha retornar cando descanses

**Geofrey, 33 anos, alto como unha torre**

Precisaría eu dunha boca tan grande como o ceo  
Para expresar o universo que en ti se expande  
Mais en verdade es ti o que de súpeto me fala:  
A túa historia, a túa vida inzada de segredos

**Claude, alcumado petit Claude, 57 anos, sempre sorridente**

Escóitame, por un instante só, serenamente, como sempre  
Escoita as beizóns e os saúdos, xentilhome  
As gargalladas, se cadra, dos amigos rindo as túas bromas  
Deitando rebentos arredor da túa causa, seareiro leal das túas cores

**Jozef, 63 anos, o da ollada cómplice**

Intenta na fronteira ser unha folla en branco  
Un lugar no mundo onde nada medra de seu  
Onde se cadra algo debe ser plantado  
Para que xermole a semente do absoluto

**Steve, 38 anos, mitómano impenitente**

O único viño que bebías era o tu propio sangue  
O tu corpo fermentaba e darías todo o que tes  
Por un novo grollo amargo de vida renovada  
Cada obxecto, cada ollada, cada sorriso do amigo  
Era un xerro sobordante de delicias

**Jaroslav, dito l'inconnu, 30 anos, polonés de nación**

Nada queda, senón silencio e vacío na lameira do mundo  
En excitada confusión e desorde esmagador

Que avanza e todo domina anunciando a túa ausencia,  
unha máis, quizás a máis triste, a do descoñecido  
Eu teño, meus, cinco cousas a dicir,  
Como os cinco dedos da mano que agora tendo  
A cada un de vós:  
De pedra son os ollos que te miran,  
De pedra as lousas onde dormes  
De pedra a tristura da insubmisión e a diferenza  
De pedra tamén a liberdade conquistada  
De pedra o reflexo da lúa que devolve soidade e frío  
De pedra o reflexo da lúa que devolve soedade frío  
Pecha os ollos un instante, vas logo ver polo terceiro ollo,  
o da iluminación, o do sosego, quizais o do tránsito  
*(Xavier Queipo, La Valetta, Febreiro 2012)*